

A vixía do castro da Cidá.



carreira.info



No mes de abril do pasado ano 2014 comezou a primeira fase da escavación do castro do monte da Cidá. Un proxecto financiado pola UE, Xunta de Galicia, o Concello de Ribeira, incluído dentro do programa Riveira Atlántica 2015, e impulsado polo rexedor local, o alcalde D. Manuel Ruíz Rivas. O equipo encargado dos traballos estivo formado por máis de quince persoas dirixidas polo arqueólogo local Miguel A. Vidal Lojo, gran coñecedor deste enclave.

Era a primeira vez que se facía unha intervención deste nivel neste emprazamento, no que xa dende moi antigo se tiña constancia do que había por descubrir, pois sen ir moi lonxe, o propio nome de Ciudad, Cidá (Sidá), monte do Castro, maila aldea ó seu carón chamada Castro, facían referencia a un lugar no cal había a presenza dun antigo poboado. Asemade, diversos mapas e documentos antigos xa falaban de que no lugar había antigas “ruínas”.

Os traballos actuais sucedéronse por un espazo de tres meses nos cales se descubriron un total de quince vivendas castrexas de variadas formas e tamaños.

Os historiadores Fermín Bouza Brey e Florentino López Cuevillas, xa fixeran un estudio detallado do castro no seu traballo do ano 1927 titulado *Prehistoria e Folklore da Barbanza*, pero sen chegar a facer intervención algunha de consideración.



Fragmento da obra «Prehistoria e folklore da Barbanza», do ano 1927.

Esta escavación actual foi unha grande actuación, pois o éxito logrado fixo que neste ano 2015 se continuaran os traballos cunha segunda fase na cal se desenterraron outras cinco vivendas máis, ademais do achado dunha grande cantidade de restos de cacharros de barro, e un colar de pedras azuis.

Pero sen dúbida, unha das cousas que máis chamou a atención do equipo de investigadores, foi unha extrana casa de forma cadrada, que estaba enriba dos muros máis antigos de dúas construcións castrexas, e que non se correspondía con nada anteriormente descuberto en ningún castro. Ademais, no interior dos derrubes desta construción atopouse unha considerable cantidade de restos de tella que semellaban ser parte dun tellado caído.

A investigación posterior permitiu aclarar que tipo de vivenda era a citada construción, pois uns documentos de finais do século XVIII estudados polo director da escavación Miguel Vidal, facían alusión por parte do Capitán Xeral do Reino de Galicia, a establecer postos de vixilancia nos cumes dos montes da costa galega para establecer puntos de control do tráfico marítimo e poder así alertar dos intentos de incursión dos navíos inimigos (sobre todo a flota inglesa), nun contexto de guerra entre a coroa española e británica.




Descripción de la Costa y Puertos que se comprenden desde la Ría de Vigo hasta la Capital de La Coruña... (Fragmento). Ano 1798.

Unha serie de postos de vixilancia, tamén denominados casetas-vixía ou fachos, por mor do sistema de fogueiras que se prendían neles como método de comunicarse cos outros postos, facían que en pouco tempo, as noticias dunha incursión inimiga chegara dende as Rías Baixas ata a Coruña ou O Ferrol, facendo así que os barcos da nosa Armada estiveran dispostos a repeler os citados ataques o máis axiña posible.



Vista aérea da evolución das escavacións do ano 2014, onde se pode apreciar a caseta de vixía enriba das vivendas castrexas.

Do que quedou deste posto e quen es foron os seus ocupantes, a memoria local esqueceuse delo. Agora só nos quedan estes restos, que permanecen enriba dunha impresionante construción castrexa, que segundo as investigacións máis recentes conta cunha idade duns 2700 anos; un dos castros máis antigos do noso País.



Panorámica da parte alta do castro da Cidá ca ría de Arousa ó fondo, onde se aprecia en primeiro termo os restos da caseta de vixía.

Texto:

- Fco. Javier Crugeiras Sampedro.

Imaxes:

- Cabeceira e final: Fco. Javier Crugeiras Sampedro, 2014.
- Prehistoria e folklore da Barbanza. F.L. Cuevillas e F. Bouza Brey, 1927/28.
- Mapa: Descripción de la Costa y Puertos que se comprenden desde la Ría de Vigo hasta la Capital de La Coruña..., 1798. Ministerio de Cultura. Archivo General de Simancas.
- Imaxes aéreas: Miguel Angel Vidal Lojo, 2014.

(C) Decembro' 2015. Fco. Javier Crugeiras Sampedro, www.carreira.info. Tódolos dereitos reservados.

Prohíbese a súa reprodución total ou parcial en calquera tipo de medio sen o permiso do autor.